

COMISIÓN INFORMATIVA DE ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL, TRANSPARENCIA E EMERXENCIAS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de maio de 2026**

Ás 16.40 horas do día 20 de maio de 2026, reúnese a Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. José María Lago Cabo

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D. Emilio Luis Díaz Vidal

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Bernardo Varela López

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Francisco Lorenzo López

Deputado non adscrito:

D. Xosé Carlos Valcárcel Doval

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora accidental: D.^a María Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado provincial don Plácido Álvarez Dobaño, que é substituído por don José María Lago Cabo.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 22 DE ABRIL DE 2026 (EXP. Nº 2026/25H/CI).-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de abril de 2026.

Non se producen intervencións e, por maioría dos membros presentes, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias do día 22 de abril de 2026, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN DA CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO SUPRAMUNICIPAL DE RECOLLIDA E RECEPCIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS NON PERIGOSOS E ESPECIAIS (EXP. Nº 2026/3938H).-

D. José María Lago Cabo, do Grupo Popular, expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), do BNG (2), de Democracia Ourenzana (2) e do deputado non adscrito (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente elaborado para a contratación da concesión do servizo público supramunicipal de recollida e recepción de residuos industriais non perigosos e especiais do que non se deriva gasto para as arcas provinciais.

2º.- Dispoñer a apertura da fase de adxudicación mediante procedemento aberto (artigos 156 a 158 da LCSP) e en trámite ordinario (artigos 116 e 117 da LCSP). A opción polo procedemento aberto devén da súa configuración como procedemento ordinario de contratación (xunto co restrinxido) no artigo 131.2 da LCSP.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentaron.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.



DEPUTACIÓN
OURENSE

E, ás 16.42 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.